- g) Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado.
- h) Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

METODOLOXÍA. ACTIVIDADES DIDÁCTICAS	
Actividades de introdución	Serven para introducir o interese do alumno polo que respecta á realidade que han de aprender.
Actividades de desenvolvemento	Son as que permiten coñecer e traballar os novos contidos.
Actividades de síntese	Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
Actividades de reforzo e ampliación	Son as que se programan para os alumnos que non acadaron os coñecementos traballados.  Son as que permiten afondar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.
Actividades de autoavaliación e coavaliación	Converten os alumnos en axentes do seu proceso de ensinanza – aprendizaxe.

## 5.2 Ensino a distancia

. *Ferramentas utilizadas no caso de ensino a distancia.*

Cómpre contemplar a posibilidade de que se teña que recorrer ao ensino a distancia nalgún momento. De darse esta situación e seguindo as instrucións da Consellería de Educación, o departamento de latín utilizará como medio metodolóxico e de contacto principal a **aula virtual do centro**, cuxo manexo se lles explicará ou recordará aos alumnos no mes de setembro, despois da creación dos grupos pertinentes na mesma. Utilizarase esta ferramenta:

- para ter un caderno de bitácora coa previsión semanal
- para o envío de material pedagóxico como vídeos explicativos sobre os diferentes aspectos e temas desenvolvidos durante as clases, tarefas de comprensión escrita , ficheiros de vídeo e audio...
- Para a realización e corrección das tarefas mandadas.
- Para a comunicación, mediante a mensaxería, entre profesor e alumnos.
- Para a realización de probas, se fose preciso.

Para as videoconferencias, utilizarase a ferramenta **Cisco webex**, para poder manter, na medida do posible, o enfoque comunicativo necesario para a adquisición das competencias asociadas á materia mencionado máis arriba.

. *Alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.*

Para garantir o dereito á educación de todo o alumnado, solicitarase aos titores dos grupos que faciliten a relación de alumnos que non teña acceso aos recursos telemáticos necesarios para poder seguir o ensino a distancia. De non poder resolverse o problema, mandarase as tarefas ao correo corporativo dos titores ou da xefatura de estudos para que se poidan imprimir e achegar aos alumnos segundo os criterios organizativos e sanitarios oportunos. Manterase, cando sexa posible, contacto telefónico cos alumnos afectados ou co seu titor para asegurarse da boa comprensión das tarefas a realizar e para levar a cabo o seguimento das mesmas.

*Mecanismos de seguimento continuo do curso polo alumnado.*

O seguimento continuo do curso polo alumnado realizarase mediante o diario de clase, no que se anotarán as tarefas realizadas polos alumnos, as súas conexións á aula virtual e ás videoconferencias ou outros contactos mediante a aula virtual, o correo corporativo ou vía telefónica. Todas estas informacións transmitiránse aos titores e, de ser o caso, ás autoridades competentes.

## 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

### 1. *Métodos recomendados:*

-En Latín II non empregaremos un libro concreto senón que faremos uso de material elaborado, así como páxinas webs onde podemos atopar ademais de ampla información sobre os contidos da materia, multitude de exercicios variados que farán o alumno estea activo e motivado.

**2. *Material bibliográfico:*** dicionarios de mitos, de lingua galega e española, etimolóxicos; enciclopedias temáticas e libros de divulgación sobre Roma; mapas do mundo clásico e do mundo actual; historietas e libros de relatos; fotocopias de textos latinos seleccionados, amais das relacionadas coa gramática.

### 3. *Recursos informáticos*

- a. Instrumentos físicos: ordenador, proxector de vídeo, Pizarra Dixital Interactiva.
- b. Aula virtual aloxada na páxina web do centro.
- c. Recursos en Internet

**i. *Tipos de exercicios:*** asociación de imaxes e frases, sinalar se as frases presentadas son verdadeiras ou falsas; preguntas contrarreloxio; ordenación de letras para formar termos relativos a un tema, puzzles, confección de mapas por pezas, situar nun mapa restos arqueolóxicos, xogo do aforcado, xogos sobre mitoloxía, identificación das partes dun edificio público con material gráfico, exercicios de hot potatoes (encher ocos, revoltallo de letras, encrucillado), caza do tesouro, webquest...

#### **ii. *Páxinas da web seleccionadas:***

<http://www.culturaclasica.net>

<http://www.culturaclasica.com>

<http://alerce.pntic.mec.es/~rmarti41>

[http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/\\_co\\_mun/esho\\_me.php](http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/_co_mun/esho_me.php)



<http://www.supercable.es/~jaimemorente/>  
[http://www.santiagoapostol.net/latin/roma\\_peninsula.html](http://www.santiagoapostol.net/latin/roma_peninsula.html)  
<http://www.chironweb.org/>  
<http://www.luduslitterarius.net/>  
<http://www.gratumstudium.es>

-Faremos uso tamén de cine e a documentais para ver os diferentes aspectos da cultura grega e romana, así como a prensa escrita onde o alumnado poderá recoñecer que a lingua latina segue presente nos nosos días.

-Hai que sinalar que dada a situación da crise sanitaria causada pola pandemia da COVID-19 faremos uso continuado da Aula Virtual do centro onde a profesora poñerá a disposición do alumno material sobre o que estamos a traballar, exercicios... , así como da plataforma da consellería cisco Webex, coa que faremos clases telemáticas no caso de ser necesario.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Tendo en conta o exposto en canto a procedementos de avaliación nos puntos 2 e 4 desta programación, as competencias e os estándares de aprendizaxe adquiridos polos alumnos serán avaliados e cualificados do seguinte xeito:

### Latín 2º BACHARELATO

O profesorado avaliará aos alumnos/as tendo en conta os diferentes elementos do currículo. Os criterios de avaliación serán o elemento que permita valorar, tanto o grado de adquisición das competencias básicas como o de consecución dos distintos estándares de aprendizaxe.

Co fin de garantir o dereito que asiste aos alumnos/as a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, a profesora informará ao alumnado do que se vai a estudar, de que e cando se vai a avaliar e de como se vai a cualificar.

Na nosa materia, ao tratarse de grupos relativamente pouco numerosos é posible o seguimento persoal de cada alumno.

A avaliación será continua e empregaranse **instrumentos de avaliación** variados:

- a) Como instrumento de observación sistemática, o **diario de clase** que valora a participación en clase do alumnado: durante as actividades de introdución e motivación, durante as lecturas, explicacións, ou actividades dos temas.  
Para observar e avaliar isto empregaremos as notas do noso caderno físico axustadas a unha escala de observación. Reservarase como instrumento único para avaliar os estándares que consideramos menos importantes ou polo contrario máis complexos.  
Suporá un **5 %** da nota da avaliación

NOME	Contribúe voluntariamente nas actividades de clase			Realiza preguntas pertinentes sobre os temas tratados			Argumenta as súas exposicións tanto ao profesor coma aos seus compañeiros			Demostra atención aos argumentos dos seus compañeiros e está aberto eles			Vén preparado/a á clase e adoita traer material complementario			Ten iniciativa e creatividade nas actividades propostas		
	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N
-----																		

s= sempre; av= ás veces; n= nunca

b) como instrumentos para a análise das producións dos alumnos, que suporán entre todos un 5% da nota da avaliación, empregaremos estes:

-as producións orais

-os traballos escritos, que poden ser segundo a tipoloxía que emprega a aplicación PROGRAMAME coa que elaboramos as táboas : **traballos de aplicación e síntese** , pequenas **investigacións** , resolucións de **exercicios**, e o **caderno de clase** (actividades do material fotocopiado, os boletíns de exercicios concretos (morfoloxía, etimoloxía etc):

### Rúbrica de traballos escritos

OBJECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	Baixo; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1	O tema obxecto do traballo trátase de forma creativa	O tema trátase con certa orixinalidade e de forma amena.	O tema desenvolveuse (ou o parece) a partir dun traballo xa existente.	O traballo non é/parece orixinal nin de autoría propia.
	2	Cobre o tema obxecto do traballo con profundidade.	Cobre o tema obxecto do traballo de forma axeitada.	Apenas inclúe a información esencial do tema.	A información sobre o tema é escasa.
	3	O texto mostra que o coñecemento do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento do tema parece ser bo.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros ou carencias na asimilación do contido.
	4	Empréganse suficientes imaxes que complementan e axudan á comprensión do tema.	Empréganse varias imaxes que complementan e axudan á comprensión do tema.	A penas se empregan imaxes, ou non achegan nin axudan á comprensión do tema	Non se empregan imaxes no traballo.
	5	O texto garda unidade temática e coidouse a súa claridade, respectando a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática e coidouse a súa claridade, pero non se respectou a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática, pero non se coidou a súa claridade nin se respectou a estrutura gramatical.	O texto non garda unidade temática e non se coidou a súa claridade; é unha unión de distintos textos.
	6	Non hai erros ortográficos nin gramaticais en todo o traballo.	O traballo ten entre 1 e 5 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 6 e 10 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten 6 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
ORGANIZACIÓN	7	A portada engancha e introduce o tema obxecto do traballo e aos autores, e segue un índice.	A portada é seguida por un índice do traballo.	A portada é orixinal e introduce o tema obxecto do traballo e aos autores, pero carece de índice.	A portada non é orixinal ou non introduce o tema obxecto do traballo ou aos autores, e carece de índice.
	8	O contido do traballo está ben estruturado.	O traballo está bastante organizado; aínda que algunha idea parece fose de lugar, as transicións entre o resto son lóxicas e a orde empregada é clara.	O traballo é un pouco difícil de seguir: algunhas ideas parecen fóra de lugar, ou empregáronse mal as transicións entre elas.	As ideas dentro do traballo parecen estar ordenadas ao chou, con algunhas totalmente fose de lugar.
	9	A extensión do traballo cínquese ao solicitado polo profesor.	A extensión é lixeiramente superior ou inferior á solicitada, sendo todo relevante.	A extensión cínquese ao solicitado, pero a custa de eliminar partes importantes ou engadir contido sen lóxica.	A extensión é notablemente superior ou inferior á solicitada.

c ) Como **probas específicas** realizaranse, polo menos, dúas por avaliación. No caso de que nunha avaliación se faga máis dunha proba escrita sobre contidos gramaticais, a última delas sempre ponderará o 70% da nota e as anteriores o 30% restante. No caso de ser traducións, farase a media. Estas probas constitúen un 90% da nota global.

Os alumnos coñecerán en todo momento o valor porcentual de cada unha das probas que realicen durante a avaliación correspondente. As devanditas probas consistirán, case sempre, na análise e tradución dun texto en prosa ou verso, algunha cuestión gramatical relacionada co texto e algunhas cuestións de Literatura Latina ou de calquera tema relacionado co que podemos denominar civilización latina (romanización, institucións romanas, toponimia, expresións latinas, léxico, etc.).

A parte dos contidos gramaticais será acumulativa por avaliacións e non eliminatória, polo que todos os contidos impartidos na 1ª avaliación serán obxecto de exame tamén na 2ª e consecuentemente a materia de todo o curso será materia da 3ª avaliación

En canto aos estándares referidos a cultura (bloque 5, en 1º de bacharelato) e literatura (bloque 4, en 2º) e aos relacionados co léxico (bloques 7 e 6, respectivamente), serán eliminatórios, dividindo os traballados por avaliacións e non tratando os xa vistos nas avaliacións seguintes.

A nota da avaliación ordinaria será a ponderación das tres avaliacións (10%, 10%, 80%). Sen embargo, ao tratarse dunha lingua, dado que os contidos iniciais se manteñen ata o derradeiro trimestre, se a nota da 3ª avaliación é un 5, a pesar de que o alumno non obtivera 5 trala ponderación das tres avaliacións, primará a cualificación da última avaliación.

O exame ordinario incluírá todos os contidos da materia e deberá ser realizado por todos os que non obtiveran un 5. Considerarase aprobado cunha nota igual ou superior a 5. Así mesmo, poderán presentarse cantos o desexen para subir unha nota. Isto nunca significará unha caída na súa valoración. Pódese acadar un máximo de 1 punto.

Aqueles alumnos que perdan o dereito á avaliación continua serán cualificados segundo os criterios especificados para a convocatoria extraordinaria.

Na convocatoria extraordinaria realizarase un exame do mesmo xeito que na ABAU. e cos mesmos criterios de corrección. Os criterios de cualificación diferirán dos da convocatoria ordinaria e só se valorará o exame. Para aprobar deben obter 5 ou máis na proba.

RESUMINDO:

PERÍODO AVALIATIVO	TIPO DE INSTRUMENTO APLICABLE
AVALIACIÓNS PARCIAIS E FINAL ORDINARIA	- Observación sistemática 5% - Análise producións dos alumnos 5% - Probas obxectivas 90%
PROBAS EXTRAORDINARIAS a) Convocatoria extraordinaria b) Perda do dereito á avaliación continua	- Probas obxectivas 100%

En caso de copia nun exame (consulta de notas dixitais ou en papel, buscar en Internet ou comunicación con outros) procederase do seguinte xeito:

1. Se un alumno copia nun exame dalgunha das tres avaliacións, suspenderá inmediatamente esa avaliación cunha cualificación de cero.
2. Se un alumno fai copia nun exame ordinario en xuño, suspenderá inmediatamente ese exame, cunha nota de cero, tendo que facer o exame extraordinario de todo o curso.
3. Se un alumno copia nun exame extraordinario, cualificarase cun cero e a materia quedará pendente para o vindeiro curso, coas consecuencias académicos que isto implica.

En caso de copia nun traballo, a cualificación do mesmo será de cero

#### Aproximación ao entero

Se a nota final é un número decimal, o alumno terá que acadar 75 décimas para obter a nota superior. Polo tanto, se acada unha media de, póñase por caso, 6.75, a nota final será un 7.

#### NOTA BENE:

Este departamento terá moi en conta para valoras as probas obxectivas, as recomendacións da Confederación Interuniversitaria de Galicia (CIUG) que regula as probas de acceso á Universidade e que ata o ano da pandemia eran como segue:

- a) Tradución (60%)
- b) Análise gramatical (10%)
- c) Literatura (15%)
- d) Mundo clásico: (15%)
  - Latinismos
  - Toponimia
  - Derivación e composición.

👁️ Á espera da nova circular do grupo de traballo de Latín, incluímos as orientación dadas para o curso 2021-2022

#### *ORIENTACIÓNS PARA A MATERIA "LATÍN II" (cód. 30)*

##### *Curso 2020-2021*

*De forma extraordinaria no curso 2020-2021 manteranse os mesmos contidos, a mesma estrutura de proba e os mesmos criterios de valoración utilizados no curso 2019-2020. Así pois, tal como se pode comprobar no modelo adxunto, o exame constará de catro preguntas de cinco puntos cada unha e o/a alumno/-a deberá responder soamente dúas desas preguntas.*

##### *PREGUNTAS 1-3*

*Versarán sobre os seguintes contidos:*

##### *1. TEXTOS (ata 4 puntos)*

*Tradución dun fragmento dun texto latino da obra de Eutropio ou da obra de Fedro. Proporanse dous textos dun calquera dos dous autores e un texto do outro.*

*Publicarase na páxina web da CIUG unha selección de textos concretos que poderán ser*

*obxecto de proba este curso.*

*Haberá que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando*

*que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de latín, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.*

#### **2. MORFOLOXÍA E SINTAXE (ata 1 punto)**

*Poderase escoller entre análise morfolóxica ou análise sintáctica dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.*

*Na análise morfolóxica haberá que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas.*

*Na análise sintáctica haberá que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Para as dúas posibilidades admítese calquera método de análise que sexa correcto.*

#### **PREGUNTA 4**

*Terá os seguintes contidos:*

##### **1. LITERATURA LATINA (ata 2,5 puntos)**

*Proporanse dúas cuestións e haberá que responder só a unha delas.*

*Neste curso serán obxecto de avaliación exclusivamente os seguintes xéneros e autores:*

- a) Teatro. Plauto*
- b) Oratoria e retórica. Cicerón*
- c) Historiografía. Livio*
- d) Épica. Virxilio*
- e) Lírica. Horacio*

##### **2. LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO (ata 2,5 puntos)**

*Haberá que responder soamente a unha das tres cuestións propostas, cada unha delas relativa a cada un dos contidos que de seguido se indican. Para os dous últimos casos continuarase utilizando a listaxe de materiais publicada na páxina web da CIUG.*

- 1. Explicación de procedementos de derivación e composición produtivos en latín e dos seus resultados na lingua galega ou na lingua castelá.*
- 2. Explicación do significado de locucións ou expresións latinas e exemplificación en contextos adecuados.*
- 3. Comentario etimolóxico de topónimos*

## **8 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

Desenvolverase a avaliación do ensino e os seus compoñentes conforme a estratexias que permitan obter información significativa e continua para formular xuízos e tomar decisións que favorezan a mellora de calidade do ensino.

Para obter información do proceso de ensino empregaranse algunhas das seguintes técnicas:

- **Observación:** directa (proceso de aprendizaxe dos alumnos) e indirecta (análise de contido da programación didáctica).

- **Entrevista:** permitiranos obter información sobre a opinión, actitudes, problemas, motivacións etc. dos alumnos e das súas familias. O seu emprego adecuado esixe sistematización: definición dos seus obxectivos, a delimitación da información que se pensa obter e o rexistro dos datos esenciais que se obtiveron.
- **Cuestionarios:** complementan a información obtida a través da observación sistemática e entrevistas periódicas. Resulta de utilidade a avaliación que realizan os alumnos sobre algún elementos da programación: que iniciativas metodolóxicas foron máis da súa agrado, con que formula de avaliación senten máis cómodos, etc.

Levarase a cabo o seguimento e valoración do traballo do profesor apoiándose nos seguintes **indicadores de logro**:

- 1 = Escaso/non logrado.
- 2 = Básico.
- 3 = Satisfactorio.
- 4 = Excelente.

	INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO	VALORACIÓN (De 1 a 4)	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>Motivación inicial do alumnado</b>			
1	Proporcionase un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2	Formulase situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
<b>Motivación ao longo de todo o proceso</b>			
3	Relacionase aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
4	Informase sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
5	Relacionase os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6	Estimulase a participación activa dos estudantes na clase.		
<b>Presentación dos contidos (conceptos, procedementos e actitudes)</b>			
7	Programase a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
8	Programase a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
9	Seleccionase de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
<b>Actividades na aula</b>			
10	Programase actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		



<b>Recursos e organización da aula</b>			
<b>11</b>	Planifícanse as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
<b>Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado</b>			
<b>12</b>	Establecese os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
<b>Clima da aula</b>			
<b>13</b>	Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.		
<b>14</b>	Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.		
<b>Seguimento/ control do proceso de ensino-aprendizaxe</b>			
<b>15</b>	Realízase a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
<b>16</b>	Favorecese os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	Proporcionase a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	Propónse novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non se acadaron.		
	Corríxese e explicase de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas.		

	<b>INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE</b>	<b>VALORACIÓN (De 1 a 4)</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>
<b>1</b>	Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.		
<b>2</b>	Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.		
<b>3</b>	Elabóranse actividades atendendo á diversidade.		
<b>4</b>	Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.		
<b>5</b>	Combínase o traballo individual e en equipo.		

A avaliación do proceso de ensino terá un carácter formativo, orientado a facilitar a toma de decisións para introducir as modificacións oportunas que nos permitan a mellora do proceso de maneira continua. Con iso pretendemos unha avaliación que contribúa a garantir a calidade e eficacia do proceso educativo. Todos estes logros e dificultades atopados serán

recollidos nas Propostas de Mellora da Programación de xeito que cada curso escolar, a práctica docente aumente o seu nivel de calidade.

## 9 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

No curso 2022-2023 atopámonos con 6 alumnos con Latín I pendente. Soamente dous deles teñen algunha noción da materia porque cursaran latín en 4º da ESO

A recuperación da materia de Latín I será por avaliacións e para iso teremos en conta os seguintes instrumentos de avaliación.

### **Instrumentos de avaliación:**

- Boletín entregado ao principio de curso e dividido por avaliacións: 40%

Cada alumno/a deberá entregar á xefa do departamento todos estes exercicios debidamente resoltos, e para elo facilitaráselle varias sesións nas que poderán resolver dúbidas.

- Proba obxectiva sobre os contidos dos boletíns: 60%

A nota da avaliación ordinaria será a ponderación das tres avaliacións (10%, 10%, 80%) Sen embargo, ao tratarse dunha lingua, dado que os contidos iniciais se manteñen ata o derradeiro trimestre, se a nota da 3ª avaliación -é un 5, e a pesar de que o alumno non obtivera 5 trala ponderación das tres avaliacións, primará a cualificación da última avaliación.

O exame ordinario incluírá todos os contidos da materia e deberá ser realizado por todos os que non obtiveran un 5. Considerarase aprobado cunha nota igual ou superior a 5. Así mesmo, poderán presentarse cantos o desexen para subir unha nota. Isto nunca significará unha caída na súa valoración. Pódese acadar un máximo de 1 punto.

## 10 ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS EN BACHARELATO

A nosa materia estúdase en ámbolos dous cursos do bacharelato (Latín I en 1º e Latín II en 2º) e enténdese que debe superarse a materia de 1º para poder cursar e ser avaliado en Latín II. Ao tratarse dunha materia que se imparte tamén en 4º da ESO podería darse o caso de que, polas circunstancias que fora, un alumno que tivera os coñecementos necesarios para iso pretendere matricularse en Latín II. De ser o caso deberá solicitar ao director do centro antes do

último día do período de matrícula de setembro o dereito á presentarse a unha proba para acreditar ditos coñecementos.

Esta proba, realizada pola xefa de departamento, versará sobre os criterios de avaliación mínimos da materia de 1º, e para a súa superación deberá obterse unha cualificación, como mínimo, de 5 sobre 10. Dita cualificación non constará no seu expediente académico.

## **11 DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

### Avaliación inicial

#### Medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados

Á hora de formular as medidas colectivas en función dos resultados, debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc..

- Saber as medidas organizativas a adoptar: situación de espazos e xestión de tempos no grupo para favorecer a intervención individual.

- Establecer conclusións sobre os recursos que se van empregar.

- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

## 12 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En colaboración co departamento de Orientación, o profesorado poderá tomar diversas medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade.

Nun principio non hai ningún alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de altas capacidades intelectuais ou de incorporación tardía ao sistema educativo. No caso de que ao longo do curso se incorpore algún alumno que necesite atención á diversidade tomaranse desde o departamento as medidas oportunas en colaboración co titor, os demais profesores que lle impartan clase e o Departamento de Orientación.

Intentarase favorecer a integración na aula do alumnado con necesidade específica de apoio educativo facéndolle desenvolver un papel recoñecido polo grupo para mellorar a súa autoestima.

Nos casos de alumnos cunha discapacidade física hai que buscar mecanismos de actuación para cada caso en concreto.

Ao alumnado con altas capacidades intelectuais marcaránselles obxectivos individuais máis amplos cos demais alumnos do grupo, a través de actividades de ampliación, máis complexas, que lles obrigue a realizar o esforzo necesario que lles permita valorar a consecución de resultados.

No grupo de incorporación tardía ao sistema educativo inclúense os alumnos estranxeiros. Os problemas poden vir polas dificultades co idioma. Con eles haberá que realizar

as adaptacións necesarias que favorezan a aprendizaxe da materia e, á vez, da lingua. Convén, por exemplo, que estes alumnos traballen con dicionarios das nosas linguas para que non teñan problemas de vocabulario.

Aínda que non se dea o caso de contar no grupo con alumnado con necesidade específica de apoio educativo, sempre existe a posibilidade de traballar con distintos ritmos de aprendizaxe. Un dato positivo neste caso é o baixo número de alumnos co que contamos na aula, feito que favorece o traballo en distintos niveis.

A proposta do Departamento de Latín e Grego é a seguinte:

- Contidos para unha aprendizaxe básica común, pero de maior complexidade para algúns.
- Actividades, para diferentes niveis, e oferta de distintos tempos na súa realización, así como actividades de reforzo e de ampliación.
- Ter en conta as preferencias dos alumnos para atender os seus intereses.
- Agrupamentos que posibiliten o traballo en equipo

### 13 ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais que se traballarán ao longo do curso serán os seguintes: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

Os alumnos desenvolverán actividades referidas a textos para traballar a comprensión lectora. Será fundamental o emprego de dicionarios de español e galego para buscar os significados das palabras que non coñezan. O fomento da lectura terá como referente o proxecto lector do centro e procurará acadar os seguintes obxectivos:

- A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

Poderanse establecer itinerarios temáticos de lecturas clásicas segundo o catálogo da biblioteca do centro. Para aumentar o catálogo de obras de contido clásico dos que dispón o centro, desde o Departamento de Latín e Grego ofrecerá ao coordinador unha listaxe de obras para a súa compra. Así mesmo participárase nos clubs de lectura e cantas actividades promova o coordinador da biblioteca.

Para promover a mellora da expresión oral e escrita, entre outras actividades, a partir dunha temática de contido clásico que achegue o profesor os alumnos escribirán un conto común entre todos.

No que respecta ás tecnoloxías da información e da comunicación, incidirase na busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas, así como na aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias. Favorecerase a competencia dixital coa elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos. Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido.

Por outra parte, para transmitir información, empregaranse diversos medios de comunicación audiovisual.

A educación cívica e constitucional pódese considerar comentando aqueles elementos e costumes da sociedade romana que se consideran socialmente útiles ou criticando aqueles outros que evidencian comportamentos e ideas lesivas para a sociedade ou o individuo.

Os comentarios sobre a situación e evolución política e social de Roma, así como todo o referido ás etapas da historia de Roma permitiríanos tratar temas derivados da consecución dunha convivencia pacífica, ao tempo que permite reflexionar sobre as formas de goberno. Á mesma convivencia pacífica contribuirán os contidos referidos ó exercito romano.

Deste xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.



Serven ademais estes contidos para promover a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Os contidos referidos ás obras públicas e urbanismo en Roma permítenos tratar os temas: educación ambiental e educación viaria.

No referente á educación ambiental ó mesmo tempo que se pretende que o alumno recoñeza e identifique no contorno próximo restos arqueolóxicos que se relacionen coa cultura clásica, promóvese o compromiso persoal para a conservación e o respecto de toda pegada do mundo clásico no ambiente natural.

Por último, as materias permitirán afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

## 14 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este departamento propón para o vindeiro curso 2022-2023, a asistencia ao festival de Teatro Clásico que se celebra en Lugo, e dende fai algúns anos, tamén en Ourense e A Coruña. Aínda non están determinadas as datas das actuacións, pero se temos en conta os actos dos pasados anos, a SEEC, (Sociedade de Estudios Clásicos), informou en novembro das obras e das prazas ofertadas. Se organizan o evento, e somos quen de conseguir prazas, baseándonos nos anos anteriores, as datas das representacións serían en Marzo- Abril. Pódese aproveitar a viaxe á cidade escollida para percorrer as pegadas dos romanos nela.

Para potenciar a matrícula do alumnado nas materias do departamento, tentaremos organizar unha viaxe a Roma para os alumnos de Bacharelato.

## 15 MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A programación terá un seguimento permanente por parte dos membros do departamento no relativo ao grao de cumprimento, proceso de ensinanza e aprendizaxe e desviación entre resultados obtidos e esperados.

Tamén se irá tomando nota de todas as suxestións que vaian xurdindo co obxectivo de velar polo axuste e calidade da nosa programación a través do seguimento dos seguintes **indicadores**:

	INDICADORES DE LOGRO DE SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN	VALORACIÓN (De 1 a 4)	PROPOSTAS DE MELLORA
1	Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.		
2	Adecuación da secuenciación e da temporalización das Unidades didácticas / temas / proxectos.		
3	O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.		
4	Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.		
5	Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.		
6	Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.		
7	Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.		
8	Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.		
9	Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.		
10	Adecuación da secuencia de traballo na aula.		
11	Adecuación dos materiais didácticos utilizados.		
12	Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).		
13	Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.		
14	Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.		
15	Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para 2º de bacharelato].		
16	Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.		
17	Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.		
18	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.		
19	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.		
20	Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.		
21	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.		

22	Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.		
23	Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.		
24	Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.		
25	Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.		
26	Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.		
27	Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.		
28	Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.		
29	Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.		
30	Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.		

## 16 PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN

Esta programación didáctica, que contén as materias propias do departamento, poderase consultar na Xefatura de Estudos e/ou na correspondente Aulas Virtual habilitada para as materias asignadas a este departamento.

Por outra banda, a información do funcionamento da materia así como os contidos e criterios de cualificación, serán entregados ao alumnado ao comezo de curso.

En Marín , 15 de setembro de 2022